

21. Realizou algún estudo de ecodeseño para os seus produtos segundo a norma UNE 150.301.

Si, e púxose en práctica  
 Si, pero non se tivo en conta  
 Non  
 Descoñece  
 Non aplica

22. Realizou algún estudo de análise de ciclo de vida (ACV) (ISO 14040) dalgún dos seus produtos.

Si  
 Non  
 Descoñece  
 Non aplica

23. Conta con algunha etiqueta ecolóxica certificada para os seus produtos.

Si  
 Non  
 Descoñece  
 Non aplica

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e outras entidades ou institucións sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, segundo o establecido no Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración da comunidade autónoma a que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de ambiente consonte o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, nos termos sinalados na Constitución española.

Pola súa banda, e segundo se sinala no citado decreto, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental exercerá as competencias e funcións en

materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha para o logro da adecuada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente.

De acordo co anterior, procédese mediante esta orde a facer públicas as bases reguladoras e a convocatoria destas axudas para os anos 2010 e 2011 destinadas a subvencionar aquelas actuacións, iniciativas e proxectos que, no ámbito de competencias atribuídas á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, poidan desenvolver os destinatarios especificados no artigo primeiro desta orde, coa finalidade de contribuír a mellorar o grao de concienciación e participación do público ao tempo que se reactiva o diálogo e a cooperación con estes representantes da sociedade civil nas materias que se sinalan.

Neste sentido, ninguén pode descoñecer a importancia que ten o achegamento da política ambiental á cidadanía como motor de cambio e clave do éxito do quefacer diario da propia Administración ao tempo que é a esta á que lle corresponde facilitar a participación da cidadanía na toma de decisións de interese ambiental a través dun axeitado labor de

educación, información e sensibilización nesta materia.

Isto conséntase perfectamente, por exemplo, no ámbito da xestión de residuos en que a implicación e a participación dos particulares constitúen aspectos imprescindibles para a realización e desenvolvemento das pautas de comportamento máis axeitadas e acordadas coa política desenvolvida desde este departamento autonómico.

Por outra banda, a loita contra o cambio climático tamén require da preparación, adaptación e traballo de toda a sociedade en xeral á hora de previr e corrixir as súas posibles repercusións, e será preciso abordar estratexias de resistencia fronte ao cambio climático que inclúan instrumentos económicos dirixidos a anticipar esta adaptación por parte daqueles sectores socioeconómicos que poderían ter máis dificultades para facelo de xeito autónomo.

Así mesmo, outra das actuacións subvencionables pasa por favorecer a participación voluntaria deste tipo de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), de conformidade co novo Regulamento (CE) 1221/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009 (DOUE L 342/20, do 22 de decembro de 2009), co ánimo de promover a mellora continua no que atinxe ao seu comportamento ambiental.

En definitiva, e á vista do que se acaba de sinalar, o que pretende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa publicación destas axudas é contribuír a estimular e promover a acción das entidades a que estas van destinadas nos ámbitos de actuación propostos.

En virtude do anterior, en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade, obxecto e destinatarios.*

1. Esta orde ten por obxecto regular a concesión, polo procedemento de concorrencia, e facer pública para os anos 2010 e 2011 a convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), destinadas ás fundacións, asociacións e outras entidades ou institucións sen ánimo de lucro que, presentando algún proxecto relativo ao desenvolvemento das actuacións subvencionables indicadas, cumpran os requisitos seguintes:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas nun rexistro público, autonómico ou estatal.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Desenvolver a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán ser beneficiarias das axudas as entidades incursas nalgún dos supostos previstos no

artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos que se lles exige no artigo 11 da Lei 9/2007.

4. Calquera destas entidades poderá concorrer a esta convocatoria de xeito individual ou en colaboración con outra ou outras das sinaladas anteriormente.

5. Non se admitirán as solicitudes presentadas de maneira simultánea e polo mesmo concepto individualmente e a través doutro tipo de agrupación ou colaboración.

Artigo 2º.-*Réxime xurídico e principios de aplicación.*

As axudas reguladas nesta orde concederanse ao abeiro do establecido no artigo 5º desta orde e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

Así mesmo, axustaranse ao establecido:

-Na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-No Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-E nas demais normas que resulten de aplicación.

Artigo 3º.-*Actuacións subvencionables.*

1. As áreas temáticas ás que van destinadas estas axudas son: a xestión de residuos, a mitigación ou adaptación ao cambio climático e a implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

2. En consecuencia, de acordo co sinalado serán actuacións subvencionables as seguintes:

-Grupo 1: Proxectos en materia de xestión de residuos, entre outros:

\*Traballo de identificación, limpeza e recuperación de espazos afectados pola presenza de puntos de vertedura incontrolada que devolvan ou melloren as condicións naturais que terían os terreos con anterioridade á súa degradación polo depósito de lixo.

\*Iniciativas que favorezan a prevención, reutilización e correcta xestión dos residuos, tales como: ambientalización de eventos, organización de mercados de segunda man ou de intercambio, promoción da compra e consumo responsables, talleres de reparación de aparellos eléctricos e electrónicos reutilizables, etcétera.

\*Fomento da autocompostaxe, incluída a adquisición de compostadores para a súa distribución entre as persoas interesadas en participar neste tipo de iniciativas.

\*Experiencias piloto e iniciativas que impulsen a xestión diferenciada de residuos industriais e comerciais (tales como os producidos na hostalaría, restauración, bares, mercados, oficinas, comercios, así como noutras actividades do sector servizos en xeral).

\*Proxectos destinados á organización e posta en marcha de sistemas especiais de recollida selectiva, reutilización e reciclaxe de residuos (tales como: materia orgánica, aceites de cociña, fluorescentes e luminarias, etcétera).

\*Así como aquelas que se propoñan en relación coas prioridades impostas pola normativa aplicable nesta materia.

-Grupo 2: Proxectos en materia de mitigación (redución ou evitación) do cambio climático en relación coas emisións no denominado sector difuso (é dicir, aqueles sectores non incluídos na Directiva 2003/87/CE, de comercio de emisións) así como en materia de adaptación ao cambio climático. Serán actuacións subvencionables, entre outras, as seguintes:

\*Os investimentos na mellora ambiental de instalacións propias ou na adquisición de equipamento que contribúan a un aforro dos recursos ou enerxía empregados, apostando por técnicas de eficiencia enerxética e uso intelixente da enerxía.

\*A elaboración de plans, programas, estudos técnicos e outras iniciativas que contribúan á redución ou evitación de emisións de gases de efecto invernadoiro. Inclúese neste punto a elaboración de plans integrais de cambio climático que engloben as accións, propostas e contribucións que realizara a propia entidade solicitante nos ámbitos da redución de emisións, da adaptación, da compensación e da educación e sensibilización.

\*Calquera outra actuación relacionada co obxecto desta epígrafe.

-Grupo 3: Implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), segundo o recollido no Regulamento (CE) nº 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), e polo que se derrogan o Regulamento (CE) nº 761/2001 e as decisións 2001/681/CE e 2006/193/CE da Comisión. Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta epígrafe:

\*Os traballos de consultoría, verificación e validación realizados para a implantación e mantemento no sistema de xestión ambiental EMAS e rexistro da entidade solicitante.

\*Os traballos de verificación e validación que sexa necesario realizar para a renovación no rexistro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 1221/2009, antes mencionado.

Exclúense neste punto as medicións, análises e estudos.

3. Os proxectos que teñan por obxecto actuacións referidas aos grupos 1 (proxectos en materia de xestión de residuos) e 2 (proxectos en materia de mitigación ou adaptación ao cambio climático) poderán incluír medidas de educación e sensibilización ambiental de tal maneira que exista unha axeitada correspondencia e/ou coherencia entre estas e a actuación ou actuacións que se van desenvolver. Estas medidas poderán consistir en:

\*Accións formativas, campañas, exposicións, seminarios, xornadas, conferencias, talleres de traballo, etc.

\*Edición de folletos, guías informativas e/ou outro tipo de publicacións divulgativas.

\*Deseño e posta en marcha de instrumentos de información innovadores que favorezan o coñecemento e mellora dos problemas ambientais obxecto da convocatoria, así como a difusión de boas prácticas.

\*Outras actuacións similares que respondan á finalidade de difusión e información ambiental perseguida neste punto.

4. As actividades propostas deberanse desenvolver dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes, segundo o modelo normalizado que se xunta como anexo I e acompañadas da documentación que se sinala, irán dirixidas ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e deberán ser presentadas, preferentemente, no rexistro da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación das solicitudes será de corenta e cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Xunto coa solicitude deberase presentar a documentación que en cada caso corresponda segundo o que se sinala a seguir.

a) Documentación xenérica referida á entidade solicitante.

-Copia compulsada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade ou entidades solicitantes.

-Copia compulsada da certificación de inscrición no rexistro público correspondente da entidade ou entidades solicitantes.

-Acreditación da representación da persoa que actúa en nome da entidade como representante dela.

-Copia compulsada do código de identificación fiscal (CIF) da entidade.

-Copia compulsada do número de identificación fiscal (NIF) do representante da entidade que realiza a solicitude, salvo que no escrito de solicitude se autorice a esta Administración para a comprobación da súa identidade de conformidade con establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta o emprego de medios electrónicos (DOG nº 221, do 13 de novembro).

-Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou percibidas para a mesma finalidade de calquera Administración pública ou entidade delas dependentes no modelo que se xunta como anexo II.

-No caso de que a solicitude fose presentada por unha entidade en colaboración con outra das sinaladas no artigo 1 deberase remitir tamén a documentación identificativa e acreditativa do número de entidades participantes así como da manifestación do consentimento dado polo resto das entidades a favor daquela que vaia ter a representación e formulación da solicitude ao abeiro desta orde.

-Breve memoria, de non máis de cinco páxinas de extensión, en que se faciliten os datos máis salientables referidos a implantación (ámbito territorial, número de socios, persoal destinado ao seu funcionamento ordinario, estrutura, etcétera) e experiencia acadada pola entidade solicitante na protección do ambiente.

Se a realización do proxecto requirise do acordo, aprobación ou autorización de terceiros, entre a documentación remitida incluírase a xustificativa destes aspectos. En particular, cando a actuación para a cal se solicita a subvención teña por obxecto traballos de identificación, limpeza e recuperación de espazos afectados pola presenza de puntos de vertedura incontrolada, o solicitante deberá achegar, de ser o caso, certificado do acordo adoptado polo órgano competente da entidade ou entidades locais nas cales se vaian desenvolver as actuacións en que se faga constar o coñecemento e aprobación destas.

Por outra banda, segundo o establecido no parágrafo terceiro do artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor destas axudas para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, salvo o disposto no artigo 48.1º, letras h) e i) da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2010; requisitos que, de ser o caso, deberán comprobarse antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación do pagamento.

Non obstante o disposto no punto anterior, o solicitante poderá denegar, expresamente, na solicitude, o consentimento para que a Secretaría Xeral solicite dos citados órganos a certificación acreditativa de tales requisitos.

Neste caso, coa solicitude abondará con presentar unha declaración responsable (anexo III) de que non se teñen débedas coa Facenda autonómica e de que se está ao día no cumprimento das obrigas fiscais coa Facenda estatal e coa Tesouraría da Seguridade Social, pero antes da proposta de resolución e do pagamento deberá acreditar estes aspectos a través dos respectivos certificados.

b) Documentación técnica requirida en función do grupo de actuacións para o cal se solicita axuda

Os proxectos presentados deberán conter unha descrición clara das actividades que se van desenvolver, tanto desde o punto de vista técnico como económico, así como os datos e a información requirida para o tipo de actuación ou actuacións para as cales se solicita a axuda.

Distínguese neste punto entre aquelas solicitudes que teñan por obxecto a realización de actuacións sinaladas nos grupos 1 (proxectos en materia de xestión de residuos) e 2 (proxectos en materia de mitigación ou adaptación ao cambio climático) do artigo 3º e as que se refiran ás recollidas no grupo 3 (implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais EMAS) do mesmo artigo.

Actuacións relativas aos grupos 1 e 2 do artigo 3º.

En relación cos proxectos relativos a actuacións en materia de xestión de residuos e mitigación (redución ou evitación) ou adaptación ao cambio climático, deberase remitir unha memoria explicativa que:

\*Non poderá superar as 25 páxinas de extensión.

\*Incluíra a información técnica oportuna en relación co proxecto, facendo referencia necesariamente aos datos e aspectos que a seguir se sinalan.

\*Reproducirá a estrutura e enumeración que se facilita a continuación.

Contido da memoria explicativa:

1. Denominación e breve descrición do proxecto.
2. Identificación do responsable técnico do proxecto que actuará como persoa de contacto deste.
3. Enumeración e concreción de cada unha das actividades que se van desenvolver.
4. Obxectivos perseguidos e destinatarios das actuacións propostas. Será preciso neste punto a referencia ás melloras ou beneficios ambientais que se pretenden ou se estiman acadar.
5. De forma detallada, as medidas de educación e sensibilización ambiental que se van desenvolver, de ser o caso.
6. Recursos, tanto humanos como medios doutro tipo, dos que vai dispor a entidade na execución do proxecto presentado.
7. Cronograma e duración do proxecto. No caso que o proxecto abarque os anos 2010 e 2011, o cronograma deberá identificar, con claridade e sen que haxa lugar a dúbidas, que actuacións se van desen-

volver en cada anualidade, en correspondencia coas previsións de gastos por anualidades incluídas no orzamento que se remita e tendo en conta as datas límite fixadas no artigo 12 para a xustificación e pagamento das axudas.

8. Indicadores de seguimento e avaliación dos obxectivos propostos.

9. Orzamento detallado da previsión de gastos subvencionables requiridos, de ser o caso, para cada unha das anualidades subvencionables. Para os efectos do establecido no artigo 9º, número 1 e no punto primeiro do artigo 10º, número 2, letra a), o orzamento remitido deberá distinguir: os gastos de funcionamento (tales como gastos de persoal, comunicacións, enerxía, mantemento, etcétera), os cales se imputarán aos orzamentos para o ano 2010; os custos destinados a medidas de educación e sensibilización ambiental, se é o caso, e outro tipo de gastos ou investimentos subvencionables.

10. Financiamento (importe total do proxecto, fontes e porcentaxe de financiamento que se solicita sobre o custo total do proxecto, de ser o caso).

11. Calquera outra información que se considere de interese.

Actuacións relativas ao grupo 3 do artigo 3º.

Para os proxectos relativos a este grupo de actuacións, implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais EMAS, presentarase unha memoria técnica que, sen superar as 20 páxinas de extensión, conterá como mínimo información sobre os aspectos seguintes:

1. Avaliación ambiental da instalación.

2. Política ambiental que se seguirá (compromiso de mellora continua, prevención da contaminación e conformidade regulamentaria...).

3. Cronograma que detalle os pasos que seguir para a implantación ou mantemento no EMAS, con referencias temporais concretas e identificando, para os efectos do establecido no artigo 9º, número 1, o período escollido para o desenvolvemento das actuacións establecidas, en correspondencia co orzamento que se remita e tendo en conta as datas límite fixadas no artigo 12º para a xustificación e pagamento das axudas.

4. Indicación expresa de posesión dalgún sistema de xestión ambiental, en concreto da ISO 14001. No suposto de posesión da dita norma ISO 14001, presentarase copia do certificado acreditativo emitido pola correspondente entidade de certificación.

5. Memoria valorada e orzamentos de gastos subvencionables requiridos para o período temporal escollido segundo o establecido no artigo 9º, número 1.

6. Beneficios ambientais esperados.

Artigo 5º.-*Procedementos de concesión.*

Cando se trate de proxectos que teñan por obxecto as actuacións subvencionables mencionadas nos

grupos 1 e 2 do artigo 3º (xestión de residuos e mitigación ou adaptación ao cambio climático) o procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o establecido no artigo 19, número 1º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no cal se sinala que o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. Para estes efectos, ten a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración fixados no artigo 6º desta orde, e adxudicar, co límite que marca o crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos ditos criterios.

No caso das solicitudes que teñan por obxecto as actuacións mencionadas no grupo 3 do artigo 3º desta orde (relativas á implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais EMAS), a súa concesión rexeráse polo establecido no número 3º do artigo 19 da Lei 9/2007, en que establece, con carácter excepcional, que o órgano competente poderá proceder ao rateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras.

Artigo 6º.-*Criterios de valoración.*

Consonte o establecido no artigo anterior, a comisión de avaliación a que se refire o artigo 7º desta orde valorará as solicitudes presentadas aplicando os criterios e puntuacións que a seguir se sinalan:

1. Criterios xerais de valoración das entidades solicitantes:

a) Atendendo ao ámbito territorial da entidade: de 0 a 10 puntos.

b) No caso de solicitudes presentadas por máis dunha das entidades relacionadas no artigo 1º, en réxime de colaboración: tratándose de entidades de natureza similar, 3 puntos; no caso contrario, 5 puntos.

c) Tendo en conta a experiencia e actividades desenvolvidas pola entidade solicitante en relación coa protección do medio ambiente: de 0 a 10 puntos.

d) Participación e/ou capacidade de mobilización social. Tendo en conta o número de socios, voluntarios ou persoal destinado á normal actividade da entidade solicitante: de 0 a 10 puntos.

Será preciso que as entidades solicitantes superen un mínimo de 10 puntos para pasar á fase de valoración dos proxectos presentados.

2. Criterios xerais de valoración das actuacións para as que se solicita a subvención:

a) A calidade ou interese do proxecto presentado, tendo en conta o seu contido, os obxectivos perseguidos en relación coas temáticas e grupos de actuacións indicadas, a metodoloxía e o carácter innovador da actividade a realizar así como a claridade e

presentación da documentación que se achegue: de 0 a 10 puntos.

b) Alcance e repercusión do proxecto, tendo en conta, no seu caso:

-Colectivos e poboación beneficiada: de 0 a 5 puntos.

\*Medios técnicos, persoais e materiais asignados á execución do proxecto: de 0 a 5 puntos.

\*Número de participantes, socios ou voluntarios que colaboran no desenvolvemento da actividade de que se trate: de 0 a 5 puntos.

\*Duración e calendario da actividade: de 0 a 5 puntos.

c) Polo grao de adecuación das medidas de educación e sensibilización ambiental propostas no seu caso coa actuación ou actuacións principais obxecto do proxecto en relación co orzamento requirido para as primeiras: de 0 a 10 puntos.

d) Polo emprego do galego na realización ou difusión do proxecto ou actividade a subvencionar: de 0 a 10 puntos.

e) Polo axuste entre o orzamento presentado polo solicitante en relación coa actividade a desenvolver: de 0 a 10 puntos.

f) Pola cofinanciación por parte da entidade solicitante de parte do custo total do proxecto:

\*Ata o 10%: 1 puntos.

\*Entre o 10% e o 25%: 3 puntos.

\*Entre o 25% e o 40%: 5 puntos.

\*Máis do 40%: 10 puntos.

g) Polo plan de avaliación e seguimento do proxecto contemplado, de 0 a 10 puntos.

h) Pola correcta presentación da solicitude xunto coa totalidade da documentación necesaria no prazo establecido no artigo 4º, apartado 2 desta orde, 10 puntos.

3. Criterios específicos atendendo ao grupo de actuacións subvencionables escollido.

a) Tratándose de proxectos que desenvolvan algunha das actuacións contempladas no artigo 3º, grupo 1 (actuacións en materia de xestión de residuos), valorarase o grao de interese do proxecto presentado en función do beneficio achegado a esta administración, da súa incardinación nas prioridades e obxectivos fixados polo actual marco normativo (en particular pola Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia; D.O.G. Nº 174, de 18 de novembro) e do problema ambiental a tratar: de 0 a 10 puntos.

b) No caso dos proxectos referidos ao grupo 2 de actuacións subvencionables (mitigación ou adaptación ao cambio climático) puntuarase de 0 a 10 puntos en función do seu carácter exemplarizante e educador.

Unha vez sumados os puntos obtidos polo proxecto de que se trate, tras a valoración dos dous apartados descritos con anterioridade, a puntuación obtida deberá acadar alomenos 50 puntos para recibir axuda.

A puntuación total que se empregará para establecer a orde de prelación das solicitudes será o resultado de sumar os puntos obtidos nestes tres apartados.

#### Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano instructor do procedemento, revisará as solicitudes recibidas e a documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non presentar toda a necesaria, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixer, se poderá considerar desistido da súa petición, arquivándoa sen máis trámites, de acordo co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a resolución que para o efecto se dite.

As solicitudes xunto coa documentación completa requirida serán postas á disposición dunha comisión de avaliación para a súa valoración e informe, segundo os criterios establecidos no artigo 6 desta orde, do cal elevarán a correspondente proposta de resolución ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que ditará a resolución de concesión das axudas.

No caso de consideralo oportuno e con anterioridade á elaboración da proposta de resolución, poderase solicitar informe doutras subdireccións xerais da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental con competencias nas materias obxecto destas axudas.

A comisión de avaliación estará presidida polo titular da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, ou persoa en que delegue, e integrada polos titulares das subdireccións xerais de Calidade Ambiental, de Avaliación Ambiental e de Investigación, Cambio Climático e Información Ambiental ou persoas en que deleguen, actuando como secretario o titular do Servizo de Apoio Técnico Ambiental.

O prazo para resolver será de cinco meses desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Transcorrido o prazo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme prevé o artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Notificada a resolución de concesión da axuda, os beneficiarios disporán de dez días para a aceptación da axuda. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente.

#### Artigo 8º.-*Recursos.*

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor, consonte dispoñen os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou desde o prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, ou de seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

#### Artigo 9º.-*Gastos subvencionables.*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os custos realizados relacionados directamente co proxecto para o que se solicita a axuda. Os gastos correntes e de funcionamento da entidade solicitante subvencionaranse unicamente con cargo ao exercizo orzamentario do ano 2010 e ata un máximo do 20% do importe subvencionable, sempre e cando estean debidamente xustificados e se correspondan de forma razoable coa realización da actividade.

Para estes efectos considéranse gastos correntes ou de funcionamento os seguintes:

a) Aluguer, comunidade, seguros, reparación e conservación do local e mobiliario da oficina.

b) Gastos de subministración inherentes á actividade desenvolvida, como servizo de telecomunicación (teléfono, fax e internet), servizo de correos, material de oficina, electricidade, auga e limpeza.

c) Gastos de persoal, que deberá ter contrato laboral e estar dado de alta na Seguridade Social.

2. Non se subvencionará o imposto sobre o valor engadido (IVE).

3. As entidades solicitantes poderán subcontratar a realización da totalidade da actividade subvencionada nos termos do artigo 27 da Lei 9/2007.

4. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente

número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

#### Artigo 10º.-*Período subvencionable e contía das axudas.*

1. O período subvencionable para a convocatoria que se abre por medio desta orde abarcará os gastos relativos ás actuacións subvencionables a que se refire o artigo 3 realizados pola entidade beneficiaria entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de outubro de 2011, ambos inclusive, de acordo coas especificacións contidas nesta orde e coa excepción feita dos proxectos que comprendan a realización de actuacións subvencionables correspondentes ao grupo 3 do artigo 3º (implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais-EMAS) que, como consecuencia da natureza e características do procedemento, deberán desenvolverse ben entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2010, ben entre o 1 de novembro de 2010 e o 31 de outubro de 2011.

2. As contías das axudas que outorgará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderán acadar o 100% do custo do proxecto presentado, IVE excluído, cos límites seguintes:

a) Para a realización das actuacións subvencionables correspondentes aos grupos 1 e 2 do artigo 3º, proxectos en materia de xestión de residuos e mitigación ou adaptación ao cambio climático, respectivamente, ata un máximo de 20.000 € dos cales:

\*Poderán ir destinados a gastos de funcionamento, ata un máximo do 20 % do importe subvencionable do proxecto con cargo aos orzamentos para o ano 2010.

\*Non poderán superar os 5.000 € os referidos a medidas de educación e sensibilización.

No caso que a axuda sexa solicitada por máis dunha das entidades relacionadas no artigo 1 desta orde, os importes máximos indicados multiplicaranse por dous.

b) Para a realización das actuacións subvencionables correspondentes ao grupo 3 do artigo 3º, implantación e mantemento no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais-EMAS):

\*Ata un máximo de 12.000 €, para os beneficiarios que realicen a implantación e inscrición no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambiental.

\*Ata un máximo de 2.500 €, naqueles casos en que a implantación e/ou verificación se realice partindo da norma ISO 14.001.

\*Ata un máximo de 5.000 €, no caso de renovación no rexistro.

#### Artigo 11º.-*Publicidade das axudas.*

1. Coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas, expresando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, expresando así mesmo, a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen e a finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na alínea d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. De conformidade co artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán dar publicidade á subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

5. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Facenda, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a este poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado.

#### Artigo 12º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 13º.-*Xustificación e pagamentos.*

1. O pagamento das axudas efectuarase anualmente, con cargo ao exercizo orzamentario que corresponda, unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou a actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, con anterioridade ao 5 de novembro de cada ano subvencionable, da documentación que se indica:

-Solicitude de aboamento efectuada polo beneficiario conforme ao modelo que se facilita no anexo VIII.

-Memoria das actividades realizadas a que se refire a axuda, na cal se deberán detallar as actuacións e resultados acadados en relación cos indicadores de seguimento e avaliación propostos, e na cal se incluírá un punto destinado á relación de custos do proxecto agrupados segundo o orzamento presentado no momento da solicitude da axuda. En particular, a información remitida deberá poder identificar, se é o caso, que importes se corresponden con gastos de funcionamento e cales se destinaron a medidas de educación e sensibilización ambiental.

-Esta memoria, xunto coa solicitude de pagamento e a remisión de calquera outro material que se considere de interese (fotografías, publicacións, etcétera), irá acompañada da oportuna documentación xustificativa, ben orixinal, ben copia compulsada segundo o caso de que se trate:

\*Facturas orixinais, contratos de traballo, nóminas e documentos de cotización á Seguridade Social así como outros documentos acreditativos dos pagamentos.

As facturas deberán concretar de maneira adecuada os conceptos incluídos e as súas características, de xeito que se poida comprobar que se axustan aos requisitos e conceptos subvencionados nesta convocatoria.

\*De ser o caso, acreditación do importe, procedencia e aplicación dos fondos propios ou doutras subvencións ou recursos destinados ao obxecto subvencionable.

\*Cando o importe do gasto subvencionable supere a cantidade de trinta mil (30.000) euros no suposto de custo de obra, ou de doce mil (12.000) euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, achegarase como xustificación unha memoria da entidade en que deberán incluírse, polo menos, tres ofertas de provedores diferentes, indicando cal é a oferta elixida e xustificando a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, ao abeiro do disposto no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

\*De ser o caso, acreditación de realización en lingua galega da actividade subvencionada, ou da actividade ordinaria da entidade, mediante declaración do representante legal, xunto cun exemplar do estudo elaborado, carteis e demais soportes publicitarios utilizados, documentación dos relatorios ou documentos internos da entidade, etc., segundo proceda.

\*No caso de que resulte procedente, achegaranse tamén certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

\*Ficha de transferencia bancaria, no modelo que se xunta como anexo IX.

\*Ademais, deberase presentar tamén unha declaración adicional do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade,

para os efectos do establecido nos dous artigos precedentes.

\*Documentación xustificativa de ter subcontratada unha parte ou a totalidade da actuación subvencionada, no caso de que a entidade beneficiaria tivese exercido tal posibilidade.

2. Tratándose de axudas concedidas para a realización de actuacións previstas no grupo 3, artigo 3 desta orde (implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais EMAS), requirirase así mesmo:

a) No caso de traballos de consultoría, verificación e validación realizados para a implantación e rexistro no sistema de xestión ambiental EMAS, a entidade solicitante acompañara todo o anterior da solicitude de inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambientais, segundo modelo que se xunta como anexo IV a esta orde, da información requirida no anexo V aos efectos da inscrición así como dunha declaración de compromiso (anexo VI) de manterse no devandito rexistro durante un período non inferior a cinco anos contados desde a data da súa inscrición.

b) Unha declaración ambiental validada polo verificador ambiental así como unha declaración do mesmo sobre as actividades de verificación e validación, segundo modelo que se achega como anexo VII. A non xustificación deste extremo no prazo e forma sinalados nesta orde dará lugar ao reintegro das cantidades de importes percibidos no seu caso.

3. Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o xustificativo a través dos documentos indicados neste artigo, sen que sexa preciso acreditar o aboamento previo do seu importe. Non obstante, a secretaría xeral poderá solicitar en calquera momento que o beneficiario acredite, no prazo de dez días desde a recepción do requirimento, o efectivo pagamento dos gastos xustificativos.

4. Se o custo xustificativo da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase proporcionalmente o seu importe, sempre que coa parte realmente executada se poida entender cumprida a finalidade da subvención.

Artigo 14º.-*Incumprimento e procedemento de reintegro.*

O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario implicará o reintegro do importe percibido, xunto cos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en particular nos seguintes:

a) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas á entidade beneficiaria con motivo da concesión da subvención ou axuda.

e) En xeral, cando se incumpra algunha das obrigas establecidas nesta orde, na resolución de concesión ou nos demais supostos previstos na normativa reguladora das subvencións.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Naqueles casos en que a realización do proxecto presentado implique gastos de carácter plurianual, a documentación remitida deberá especificar claramente os importes que se solicitan para cada unha das anualidades subvencionables tendo en conta o establecido no artigo 9º, en relación cos gastos subvencionables; o artigo 10º, no tocante ao período subvencionable; os límites temporais para a xustificación e pagamento das axudas a que se refire o artigo 12º da orde así como o que se sinala de seguido.

2. As actuacións subvencionadas deberán estar rematadas antes do 31 de outubro de cada ano subvencionable.

3. Os beneficiarios das axudas deberán comunicar a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con polo menos dúas semanas de antelación, a organización de xornadas, conferencias, seminarios, obradoiros ou de calquera outra actividade informativa similar, con indicación expresa das datas, lugar, público convocado e características da reunión.

4. Segundo o establecido no artigo 15, punto 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda actividade, investimento ou material (incluído o que se difunda de maneira electrónica ou empregando medios audiovisuais) que se realice contando con financiamento obtido a partir destas axudas deberá incluír expresamente a colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, así como a imaxe da identidade corporativa deste departamento de acordo coas normas gráficas aprobadas para o efecto e que se poden consultar no enderezo web: <http://www.xunta.es/identidade-corporativa/>

5. Ceder, con carácter gratuíto e non exclusivo, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o dereito de utilización da información técnica, gráfica ou doutro tipo contida na documentación presentada así como a resultante da realización do proxecto subvencionado, para o seu uso e incorporación nos sistemas de información deste departamento autonómico.

6. No caso dos beneficiarios de axudas para a implantación e mantemento no EMAS, estes están obrigados a manter en vigor o Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais e o seu correspondente rexistro, durante un período mínimo de cinco anos.

*Artigo 16º.-Información e control.*

Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais, deberanlle facilitar á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental toda a información e documentación complementaria que esta coide precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

Os beneficiarios deberán conservar, para os efectos de comprobación e control, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos polo menos durante cinco anos desde o derradeiro pagamento.

*Artigo 17º.-Financiamento.*

As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse segundo se indica de seguido:

-Con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

\*Ata un máximo de 200.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541A.481.

\*Ata un máximo de 503.000 € de conformidade coa distribución seguinte: 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541D.781 e 453.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541A.781 destinados, respectivamente, á implantación e mantemento no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais (EMAS) e a proxectos distintos do anterior, aínda que cada unha destas dúas contías máximas poderá verse incrementada no caso de resultar remanentes no outro grupo de proxectos financiados con cargo a este capítulo VII ata esgotar as dispoñibilidades orzamentarias establecidas con respecto a el para este exercicio orzamentario.

-Con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011:

\*Ata un máximo de 632.100 € de conformidade coa distribución seguinte: 105.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541D.781 e 527.100 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541A.781, destinados, respectivamente, á implantación e mantemento no Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais (EMAS) e a proxectos distintos do anterior, aínda que cada unha destas dúas contías máximas poderá verse incrementada no caso de resultar remanentes no outro grupo de proxectos financiados con cargo a este capítulo VII ata esgotar as dispoñibilidades orza-

mentarias establecidas con respecto a él para este exercicio orzamentario.

De xeito motivado e para os efectos de dar cobertura financeira ao número de solicitudes presentadas poderase acordar, segundo ás dispoñibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, axustándose en todo o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 18º.-Compatibilidade das axudas.*

As axudas establecidas nesta orde serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas ou entes delas dependentes; así como por entidades privadas.

Non obstante, serán incompatibles con calquera outra con cargo ao orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En todo caso, a obtención de axudas concorrentes non poderá superar o custo total da actividade ou investimento. En caso de que se superase este, o importe da axuda minorarase o necesario para non superar este límite.

O beneficiario está obrigado a comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto desta axuda.

*Artigo 19º.-Infraccións e sancións.*

O réxime de infraccións e sancións establecido nesta orde é o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O procedemento sancionador será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Delégase no secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 5º, consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*ANEXO I*

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE (I)</b>
---	---	------------------------------------

**1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE**

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO	PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

**2.- DATOS DO RESPONSABLE DO PROXECTO OU PERSOA DE CONTACTO**

NOME		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

Don/Dona \_\_\_\_\_  
 en calidade de \_\_\_\_\_ da entidade citada,

**SOLICITA SUBVENCIÓN PARA:**

<input type="checkbox"/> Grupo 1: proxectos en materia de xestión de residuos	Importe de axuda solicitada
<input type="checkbox"/> Grupo 2: proxectos en materia de mitigación do cambio climático	
<input type="checkbox"/> Grupo 3: implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)	
<b>TOTAL</b>	

**DECLARA QUE:**  
 A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no dorso.  
 A entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que lle imposibilitaría ser beneficiaria destas axudas.  
 Asume as obrigas que lle veñen impostas polo artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como as derivadas desta orde.

**AUTORIZA A SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DA CMATI**

SI     NON    A solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

SI     NON    A consultar os meus datos persoais a través dos sistemas de verificación de datos de identidade de conformidade co establecido no artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta o emprego de medios electrónicos.

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia destas, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO I (continuación)

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	<b>MT984A</b>	<b>SOLICITUDE (II)</b>

### 3.- DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

#### DOCUMENTACIÓN XENÉRICA REFERIDA Á ENTIDADE SOLICITANTE

- Copia compulsada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade ou entidades solicitantes.
- Copia compulsada da certificación de inscrición no rexistro público correspondente da entidade ou entidades solicitantes.
- Acreditación da representación da persoa que actúa en nome da entidade como representante dela.
- Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal (CIF).
- Copia compulsada NIF do representante da entidade que realiza a solicitude (no caso de non autorizar esta administración para a súa consulta e comprobación).
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou percibidas para a mesma finalidade de calquera administración pública ou entidade delas dependentes, no modelo que se xunta como anexo II.
- Breve memoria descritiva das características e experiencia da entidade en relación coa protección do ambiente (máx. 5 páxinas de extensión).
- Acreditación documental, de ser o caso, do número de entidades participantes na realización do proxecto presentado así como do consentimento dado por estas en favor da persoa que vaia ter a representación e realizar a solicitude.
- Memoria técnica do proxecto co contido establecido no artigo 4º, número 3, letra b).

#### OUTRA DOCUMENTACIÓN REMITIDA


#### LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e outras entidades ou institucións sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.*

#### SINATURA DO REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

#### (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO II

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>DECLARACIÓN DE AXUDAS</b>
---	---	---

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES**

Don/Dona  , con DNI Nº

solicitante, en representación da entidade

con domicilio social en

con CIF Nº  , dunha axuda para:

Grupo 1: proxectos en materia de xestión de residuos

Grupo 2: proxectos en materia de mitigación do cambio climático

Grupo 3: implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)

ao abeiro desta orde,

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Non ter solicitado nin obtido subvención ou axuda algunha para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Solicitou e foi ou fóronlle concedidas para o mesmo fin a axuda ou axudas que se sinalan a seguir:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA		CONTÍA €
	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(1)</sup>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

Lugar e data \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_


**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO III

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	<b>MT984A</b>	<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>

**DECLARACIÓN DE NON TER DÉBEDAS COA FACENDA AUTONÓMICA E DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

Don/Dona , con DNI Nº

en representación da entidade

con domicilio social en

con CIF Nº , para os efectos do establecido nesta orde

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE:**

Está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

*Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*  
 San Lázaro s/n, CP 15781, Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO IV

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO EMAS</b>
---	---	--

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO DE CENTROS ADHERIDOS AO SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS)**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI Nº \_\_\_\_\_  
 en representación da entidade \_\_\_\_\_  
 con domicilio social en \_\_\_\_\_  
 con CIF Nº \_\_\_\_\_, para os efectos do establecido nesta orde

**SOLICITA**

a inscrición desta entidade no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambientais.

*Lugar e data*  
 \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

Declaración ambiental validada

Anexo V: información requirida para o rexistro

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e outras entidades ou institucións sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.*

SINATURA DO REPRESENTANTE

*Lugar e data*  
 \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
---	--



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO V

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>INFORMACIÓN REQUIRIDA PARA O REXISTRO EMAS</b>
---	---	--

**1. ORGANIZACIÓN**

NOME			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PAÍS/REXIÓN/COMUNIDADE AUTÓNOMA		
PERSOA DE CONTACTO		TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		SITIO DA INTERNET	
<b>ACCESO PÚBLICO Á DECLARACIÓN AMBIENTAL OU Á DECLARACIÓN AMBIENTAL ACTUALIZADA</b>			
A) FORMULARIO IMPRESO		B) FORMULARIO ELECTRÓNICO	
NÚMERO DE REXISTRO	DATA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO	DATA DE SUSPENSIÓN DA INSCRICIÓN NO REXISTRO	
DATA DE CANCELACIÓN DA INSCRICIÓN NO REXISTRO	DATA DA SEGUINTE DECLARACIÓN AMBIENTAL	DATA DA SEGUINTE DECLARACIÓN AMBIENTAL ACTUALIZADA	
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DE ACORDO CO ARTIGO 7 DO REGULAMENTO (CE) Nº 1221/2009 <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	CÓDIGO NACE DAS ACTIVIDADES	NÚMERO DE EMPREGADOS	VOLUME DE NEGOCIOS OU BALANCE XERAL ANUAL

**2. CENTRO**

NOME			
ENDEREZO			
CÓDIGO POSTAL	PAÍS/REXIÓN/COMUNIDADE AUTÓNOMA		
PERSOA DE CONTACTO		TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		SITIO DE INTERNET	
<b>ACCESO PÚBLICO Á DECLARACIÓN AMBIENTAL OU Á DECLARACIÓN AMBIENTAL ACTUALIZADA</b>			
A) FORMULARIO IMPRESO		B) FORMULARIO ELECTRÓNICO	
NÚMERO DE REXISTRO	DATA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO	DATA DE SUSPENSIÓN DA INSCRICIÓN NO REXISTRO	
DATA DE CANCELACIÓN DA INSCRICIÓN NO REXISTRO	DATA DA SEGUINTE DECLARACIÓN AMBIENTAL	DATA DA SEGUINTE DECLARACIÓN AMBIENTAL ACTUALIZADA	
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN CON ARREGLO AO ARTIGO 7 DO REGULAMENTO (CE) Nº 1221/2009 <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	CÓDIGO NACE DAS ACTIVIDADES	NÚMERO DE EMPREGADOS	VOLUME DE NEGOCIOS OU BALANCE XERAL ANUAL



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO V (continuación)

EXPEDIENTE
------------

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>INFORMACIÓN REQUIRIDA PARA O REXISTRO EMAS</b>
---	---	--

**3. VERIFICADOR AMBIENTAL**

NOME E APELIDOS DO VERIFICADOR AMBIENTAL			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PAÍS/REXIÓN/COMUNIDADE AUTÓNOMA		
PERSOA DE CONTACTO		TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		NÚMERO DE REXISTRO DA ACREDITACIÓN OU AUTORIZACIÓN	
ÁMBITO DA ACREDITACIÓN OU AUTORIZACIÓN (CÓDIGOS NACE)		ORGANISMOS DE ACREDITACIÓN E AUTORIZACIÓN	

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e outras entidades ou institucións sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.</i>
SINATURA DO REPRESENTANTE  Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO VI

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	<b>MT984A</b>	<b>COMPROMISO</b>

**COMPROMISO DE MANTEMENTO NO REXISTRO GALEGO DE CENTROS ADHERIDOS AO SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS)**

Don/Dona , con DNI Nº

en representación da entidade

con domicilio social en

con CIF Nº , no caso de obtención dunha axuda para a implantación do sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) ao abeiro desta orde,

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

O compromiso de mantemento da inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAL (EMAS) durante un período mínimo de cinco anos.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

*Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
San Lázaro s/n, CP 15781, Santiago de Compostela*



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO VII

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	<b>MT984A</b>	<b>DECLARACIÓN VERIFICADOR</b>

**DECLARACIÓN DO VERIFICADOR AMBIENTAL SOBRE AS ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN E VALIDACIÓN**

Don/Dona

en posesión do número de rexistro de verificadores ambientais EMAS

acreditado ou autorizado para o ámbito  (código NACE)

**DECLARA QUE,**

Ten verificado que o centro(s) ou toda a organización, segundo se indica na declaración ambiental / declaración ambiental actualizada (\*) da organización  (nome), en posesión do número de rexistro (se é o caso) , cumpre todos os requisitos do Regulamento (CE) Nº 1221/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)

A verificación e validación tense efectuado respectando escrupulosamente os requisitos do citado Regulamento comunitario,

O resultado da verificación e validación confirma que non hai indicios de incumprimento dos requisitos legais aplicables en materia de ambiente, *O presente documento non equivale ao rexistro en EMAS. Este rexistro só pode ser outorgado por un organismo competente en virtude do Regulamento (CE) Nº 1221/2009. Os datos e a información da declaración ambiental/da declaración ambiental actualizada (\*) da organización/do centro(\*) reflicten unha imaxe fiable, O presente documento non serve por si só para a comunicación pública independente.*

convincente e correcta de todas as actividades da organización/do centro (\*) no ámbito mencionado na declaración ambiental.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

(\*) *Risquese o que non proceda*

*Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
San Lázaro s/n, CP 15781, Santiago de Compostela*



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO VIII

EXPEDIENTE
------------

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE DE ABOAMENTO</b>
---	---	---

**1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE**

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO	PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL

**2.- DATOS DO RESPONSABLE DO PROXECTO OU PERSOA DE CONTACTO**

NOME		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

Don/Dona \_\_\_\_\_  
 en calidade de \_\_\_\_\_ da entidade citada,

**SOLICITA O ABOAMENTO DO IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA PARA:**

Grupo 1: proxectos en materia de xestión de residuos.  
 Grupo 2: proxectos en materia de mitigación do cambio climático  
 Grupo 3: implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS).

**a tal efecto presenta, segundo os casos:**

Memoria de actividades realizadas.  
 Facturas orixinais.  
 Copia compulsada das nóminas e contratos de traballo.  
 Copia compulsada dos documentos de cotización á Seguridade Social.  
 Declaración sobre as axudas solicitadas/concedidas para a mesma finalidade.  
 Se procede, xustificación e memoria relativa as ofertas solicitadas (art. 14.1º).  
 Acreditación do emprego da lingua galega na realización de actividades subvencionadas.  
 No caso de non ter autorizado a Secretaría Xeral para a súa solicitude: certificado de non ter débedas coa Administración autonómica e de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.  
 Ficha de transferencia bancaria (anexo IX).  
 Documentación xustificativa sobre a subcontratación de actividades subvencionadas, se é o caso.  
 No caso de axudas outorgadas para a implantación do EMAS: declaración ambiental validada polo verificador ambiental.

Outra documentación acreditativa:  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e outras entidades ou institucións sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.</i>
SINATURA DO REPRESENTANTE  Lugar e data _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO IX

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DO AMBIENTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984A</b>	DOCUMENTO <b>FICHA BANCARIA</b>
---	---	------------------------------------

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		NIF/CIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO			
[ ]			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

## DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
ENTIDADE FINANCEIRA			
[ ]			
ENDEREZO			
[ ]			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
[ ]	[ ]	[ ]	

## CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

, de de

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Asdo.:

Asdo.:

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
Rúa San Lázaro s/n, CP 15781, Santiago de Compostela

*Orde do 14 de maio de 2010 pola que se derroga a Orde do 19 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para o ano 2009.*

Mediante orde da entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, do 19 de decembro de 2008 (DOG nº 47, do 9 de marzo de 2009), establecéronse as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental, así como a súa convocatoria para o ano 2009, aínda que as ditas bases recollen tamén a subven-

ción de actividades e investimentos con cargo á anualidade 2010.

A citada orde, ditada no seu día no marco orgánico e competencial que establecían os derogados Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, vai dirixida a asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que teñan por fin primordial o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do ambiente.

Como consecuencia da nova estrutura da Xunta de Galicia e dos seus departamentos, establecida polos